

2015

REDE GALEGA CONTRA A POBREZA



Un Terceiro Sector de Acción Social galego comprometido coa defensa dos dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión mediante a incidencia política e social

Memoria Resumen EAPN-Galicia

A **Rede Galega Contra a Pobreza, EAPN-Galicia** nace no ano 2008 xuntando os esforzos das entidades do Terceiro Sector de Acción Social en Galicia, especialmente as implicadas na loita contra a exclusión social e na defensa dos dereitos e a participación social plena de todas as persoas.

EAPN-Galicia é membro da Rede de Loita contra a Pobreza e a exclusión social no Estado Español (EAPN-Es) e forma parte da European Anti Poverty Network (EAPN), Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social, fundada no ano 1989.



EAPN Galicia defende os dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión, mediante a incidencia política e social.

E para elo, as relacións entre as persoas e as entidades que forman parte da Rede condúcense conforme aos seguintes **valores**: *independencia, participación activa, compromiso, colaboración, transparencia, innovación e representatividade*

As **prioridades estratéxicas** da Rede Galega Contra a Pobreza (EAPN Galicia) para o período 2013-2015 son as seguintes:

1. Ser interlocutor de referencia con capacidade de **incidencia en políticas sociais**
2. Liderar o proceso de **articulación do terceiro sector de acción social** en Galicia
3. Consolidar a estrutura organizativa da Rede.

Forman parte da EAPN-Galicia

ACCEM Galicia *Asamblea de Cooperación pola Paz *Asociación Boa Vida Inclusión Activa *Asociación Plataforma polo Emprego * Asociación ARELA de apoio a infancia e mocidade* **Cáritas Diocesana Mondoñedo-Ferrol** * **Cáritas Diocesana Tui-Vigo** * **Cáritas Diocesana Ourense** * **Cáritas Diocesana Lugo** *Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) *Ecos do Sur *Emaús Fundación Social ***Federación Autismo Galicia** *Federación Asociacions Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES) ***Federación Alzheimer Galicia (FAGAL)** *Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) ***Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down** *Fundación Érguete Integración *Fundación Juan Soñador *Fundación Meniños *Fundación Secretariado Xitano *Fundación Ronsel *Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES3) *Médicos do Mundo

VI SEMINARIO GALEGO DE PARTICIPACIÓN E CIDADANÍA INCLUSIVA



87 persoas asistiron ao VI Seminario Galego de Participación e Cidadanía Inclusiva.

O Seminario enmarcábase na campaña Concellos ao servizo das persoas, propoñendo ideas para mellorar os concellos e comprobando se as candidaturas ás eleccións municipais tiñan como prioridade a loita contra a emerxencia da pobreza e a exclusión social.

EAPN-Galicia celebrou o 16 de maio na sede da Fundación Down Compostela en Santiago o seu evento de referencia, o VI Seminario Galego de Participación e Cidadanía Inclusiva.

Tratouse dun encontro no que as persoas en risco de pobreza ou exclusión foron as protagonistas, pois

tiveron a oportunidade de falar e contar os seus puntos de vista, opinións, problemas, perspectivas, etc.

Baixo o lema “*As palabras xa non abundan. Queremos compromisos!*”, o tema vertebrador desta edición foi o debate sobre como mellorar a participación social e política nos concellos. Deste xeito, mentres as persoas reivindicaban os seus dereitos e loitan por eles, están a poñer en práctica diferentes iniciativas e colaborando entre elas para tentar mellorar a súa situación dende a dignidade e a inclusión.

Realizáronse 6 Talleres previos, 5 grupos de Traballo e unha mesa redonda política. Elaboráronse 2 vídeos específicos do Seminario e houbo unha presenza activa en Encontros Participación en Guarda, Barcelona e Bruselas.

V FORO DE CAPACITACIÓN SOBRE POBREZA, EXCLUSIÓN SOCIAL, TERCEIRO SECTOR E VOLUNTARIADO

Como en anteriores edicións, este V Foro tiña como **obxectivo** contribuír á capacitación das persoas asistentes en aspectos relacionados coa inclusión activa e o acceso a recursos de calidade, ademais de visibilizar á realidade da desigualdade, a pobreza e a exclusión social en Galicia e a importancia que o Terceiro Sector e o voluntariado teñen na implantación de políticas de inclusión social activa. Sempre favorecendo o debate en positivo de propostas que melloren a actuación en



procesos de inclusión social e dar a coñecer experiencias de éxito.

Compromiso en orzamentos e planificación estable. **Coordinación** entre as administracións públicas e as organizacións sociais e loita contra as **causas** da pobreza e pola inclusión activa que supere o asistencialismo son as tres esixencias que profesionais e voluntarias das organizacións sociais reclamaban para reducir sustancialmente o 23,8% da poboación galega que se atopaba en 2014 en pobreza ou exclusión, 654.000 persoas.

O V Foro sobre pobreza, exclusión social, terceiro sector e voluntariado realizouse o 24 de novembro en Santiago de Compostela a través da Rede Galega contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN Galicia), a [Coordinadora Galega ONGD](#) e o Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI Galicia) coa colaboración do Servizo de Participación e Integración Universitaria da USC.

II AGORA TERCEIRO SECTOR E VOLUNTARIADO

Dentro do programa do V Foro e tralo éxito da anterior edición, levouse a cabo a segunda



Ágora do Terceiro Sector e Voluntariado, na que once organizacións sen ánimo de lucro e empresas de economía social expuxeron durante 15 minutos e ante un auditorio reducido de persoas interesadas, proxectos innovadores na loita contra a pobreza e a exclusión social. As entidades participantes dispuxeron de 6 minutos para falar da súa idea e outros 9 para interactuar cos interesados.

Expuxéronse propostas relacionadas coa inclusión social, o traballo en rede entre organizacións ou universidades, as políticas educativas, o software libre, o fomento do comercio xusto ou o uso das novas tecnoloxías e as redes sociais na loita contra a exclusión social.

Nesta actividade participaron: Oxfam Intermon, Fiare, ACPP, Rede Sal, Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento, Enxeñerías sen Fronteiras, Solidariedade Internacional, FEAFES Galicia e NUMAX.

CAMPAÑA DO IRPF 2015: X SOLIDARIA

O 14 de abril, realizouse en Santiago de Compostela unha campaña de sensibilización que tiña por obxectivo informar aos cidadáns da importancia de marcar a “X” no recadro de “*Actividades de Interese Xeral consideradas de Interese Social*”, das cifras recadadas o ano pasado e explicar a que proxectos se destinaron os seus cartos. O Terceiro Sector de Acción Social de Galicia, como impulsor desta Campaña, considera vital que, nun contexto de crise que afecta aos colectivos máis vulnerables e desprotexidos, se siga incrementando a recadación da cota íntegra dos contribuíntes para o recadro chamado ‘Fins Sociais’.



No acto de presentación da Campaña do X Solidario 2015 interviron o tesoureiro de EAPN-Galicia, Antonio Hernández; o presidente do CERMI-Galicia, Anxo Queiruga; e María Paz da Coordinadora Galega de ONGD.

Guía de medios: pobreza, vulnerabilidade e voluntariado



Esta guía de estilo foi creada como un instrumento útil de consulta rápida para que os profesionais da comunicación ofrezan unha información de calidade sobre as persoas vulnerables e en situación de pobreza.


É [unha guía sinxela](#) pensada para recorrer a ela e solucionar dúbidas puntuais como: Que é “pobreza” e que é “exclusión”? Cómo se miden a pobreza e a exclusión?.

Fálanos sobre os indicadores principais sobre pobreza (AROE, Taxa risco pobreza...) Tamén tenta facilitar prácticas e xeitos de comunicar sobre pobreza e exclusión.

A guía presentouse publicamente ante os medios, comezando pola realización dun Almorzo informativo con xornalistas e os membros do Grupo de Comunicación de EAPN Galicia na Facultade de Ciencias da Comunicación en Santiago.

Código de Conduta na Comunicación sobre Pobreza e Exclusión

A labor de comunicación das entidades sen ánimo de lucro do Terceiro Sector de Acción Social (TSAS) resulta unha actividade esencial para tratar de facer un traballo de incidencia política e social que tente mudar e mellorar a realidade á que se enfrontan no seu día a día.



Temos que ter presente en todo momento que a pobreza e exclusión son situacións nas que se están vendo vulnerados os dereitos das persoas, pero por iso non deixan de telos. En ocasións baixo o pretexto de “dar visibilidade”, realízase un espectáculo mediático no que se dana a dignidade das persoas.

Os prexuízos que se transmiten en medios de comunicación ou a través das redes sociais impiden ou dificultan o acceso destas persoas á plena cidadanía. As entidades do TSAS non poden ser nin motor nin cómplices desta difusión. Como organizacións que traballan en prol de colectivos en risco de exclusión social, comprometémonos a fomentar un discurso responsable e xusto, afastado de estereotipos e mecanismos que produzan ou manteñan as situacións de discriminación.

Por iso redactouse un [código](#) que pretende ter en conta a linguaxe comunicativa e establecer unhas pautas consensuadas que dende as entidades deben seguir para dar a coñecer as diversas realidades coas que traballan, e o cal aprobaron na Asemblea de EAPN Galicia do 6 de febreiro de 2015, en Santiago de Compostela.

SEMINARIO PRESENTACIÓN GUÍA DE ESTILOS E CÓDIGO DE CONDUCTA



EAPN-Galicia convocou a xornalistas e representantes de medios de comunicación de referencia na nosa comunidade para conversar sobre o tratamento mediático dos temas relacionados con pobreza e exclusión social e dar a coñecer a nosa Guía de estilo: pobreza, vulnerabilidade e voluntariado e o Código de conduta na comunicación da pobreza e a exclusión social, un documento que contén un

decálogo de pautas comunicativas consensuadas polas entidades que conforman a Rede

Galega contra a Pobreza e que definen como debe ser a comunicación sobre as realidades coas que traballamos, **respetando a dignidade das persoas como suxectos de dereitos e fuxindo de discursos e prácticas asistencialistas.**

O Museo Pedagóxico Galego acolleu esta xuntanza, que foi presentada polo presidente da EAPN-Galicia, Antonio Hernández, e pola Directora Xeral de Familia e Inclusión, M^a Amparo González. O director da rede, Xosé Cuns, presentou a Guía de estilo, un documento que pretende servir como ferramenta de utilidade para que os profesionais da comunicación poidan ofrecer unha información de calidade sobre as persoas en situación de pobreza. Despois presentouse da man de Ana Escrigas, membro do Grupo de Comunicación da EAPN-Galicia, o Código de conduta e boas prácticas na comunicación da pobreza e a exclusión social,


Tras estas presentacións, directivos de medios de comunicación galegos, xornalistas e representantes das entidades sociais, fundamentalmente responsables de comunicación, mantiveron unha conversa sobre todo o exposto anteriormente. Nesta reunión de carácter máis informal, expuxéronse as inquedanzas de ámbalas dúas partes á hora de trasladar á sociedade mensaxes sobre pobreza e exclusión social, do



mesmo xeito que se afianzaron lazos para traballar todos xuntos cara a consecución dunha sociedade máis sensibilizada e comprometida coa erradicación da pobreza.

Neste seminario participaron 32 xornalistas e directivos de medios, houbo unha representación de 20 medios e foi presentado á Consellería de Traballo.

ELECCIÓNS MUNICIPAIS 2015. CAMPAÑA #pobreza24M



Coa celebración das eleccións municipais, EAPN-Galicia lanzou a campaña **“Concellos ao servizo das persoas”** co fin de que os candidatos/as ás eleccións municipais se comprometeran na loita contra a pobreza e que os votantes reclamaran este compromiso nos seus concellos.

A través da campaña lanzábase esta pregunta a tódalas candidaturas ás eleccións municipais galegas: *“Cre que a principal prioridade no seu*

concello debe ser a mellora da calidade de vida e a dignidade das persoas, especialmente as que se atopan nunha situación de pobreza ou exclusión social?”

A resposta por parte das persoas candidatas fíxose en forma de sinatura, ou non, do documento Compromiso coas persoas, unha declaración de 15 principios que os candidatos asinantes comprometíanse a cumprir.

O escrito incluía medidas como o aumento drástico da coordinación e colaboración para a loita contra a pobreza e a abordaxe da situación cun enfoque inclusivo, concluíndo que **en 2016 tería reducido nun 15% o total das persoas que se atopan en risco de exclusión no seu concello**. O compromiso pide ademais que no 2016 se adique un mínimo de **110€ por habitante** ao ano á partida orzamentaria de actuacións de protección e promoción social (promedio do adicado polos concellos e deputacións galegas no 2013). De non ter acadados estes dous principios, a persoa candidata comprometíase a dimitir.

Ao cabo da lexislatura, o compromiso implica reducir nun 25% as persoas que se atopan en pobreza ou exclusión (cumprindo así o establecido na Estratexia Europa 2020) e aumentar os orzamentos sociais a 160€ por habitante e ano.

A campaña contaba ademais cun apartado específico na web www.pobreza.gal onde aparecía información obxectiva sobre **datos de pobreza e exclusión, gasto social e transparencia de todos os concellos galegos**, así como información sobre candidaturas e partidos que se uniron a esta campaña a través da sinatura do compromiso.

Así mesmo, buscábase a implicación dos galegos e galegas para que sexan cidadáns e cidadás activos/as, comprobando os datos no seu concello e demandando aos seus candidatos que asinen as 15 demandas do “Compromiso coas persoas”, documento que foi achegado pola EAPN-Galicia aos partidos políticos galegos.

21 candidatos asinaron o Compromiso coas Persoas. 15 máis se interesaron.

No marco desta campaña fixéronse varias actuacións entre as cales destácase:

- Web específica.
- 3 roldas de prensa de presentación e notas de prensa.
- 75 aparicións en medios de comunicación
- 39 entrevistas con candidatos e responsables de distintos grupos parlamentarios.
- Incidencia directa en programas e debates electorais.
- Debate con candidatos de distintos grupos parlamentarios.
- Decálogo de propostas.
- Creación dunha base de datos.

17 de Outubro. DIA INTERNACIONAL PARA A ERRADICACION DA POBREZA

No marco do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, a Valedora do Pobo, Milagros Otero, xunto aos máximos responsables da Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia), CERMI Galicia e a Coordinadora Galega de ONGD, presentaron os principais retos na loita contra a pobreza e a exclusión social no último ano da lexislatura nun acto celebrado o 16 de outubro.

Baixo o lema “As persoas primeiro: Non abundan as palabras. Queremos compromisos!”,

Yosehanna Ledesma, Luis Giménez e Ruth Casas, presentaron o Manifesto realizado coas conclusións dos Encontros de Cidadanía Inclusiva e Participación de persoas en situación de pobreza celebrados en Compostela, Barcelona e Garda. Esixindo de



novos **Compromisos** (en orzamentos e planificación estable), **Coordinación entre as administracións públicas** e as organizacións sociais e unha **loita contra as causas da pobreza** e pola inclusión activa, moi lonxe do asistencialismo.

Ademais expuxéronse as principais conclusións do informe “O estado da pobreza 2015”



elaborado por EAPN-España, que amosa un empeoramento xeneralizado da situación social en todo o Estado dende o ano 2009. A día de hoxe, o 29,2% da poboación española vive en risco de pobreza e/ou exclusión social, ocupando o segundo posto en toda a UE en pobreza infantil e desigualdade.

En canto á situación en Galicia, o presidente de EAPN-Galicia, Antonio Hernández, no nome das tres plataformas do Terceiro Sector galego,

lembrou os datos de risco de pobreza de 2014, que se sitúan no 15,4% da poboación, e a cifra de risco de pobreza ou exclusión social, un indicador máis amplo que se sitúa no 23,8% na nosa comunidade.

Neste acto, que tivo lugar na oficina da Valedora do Pobo de Galicia, estiveron presentes o Conselleiro de Política Social e os máximos responsables de EAPN Galicia, CERMI Galicia e a Coordinadora Galega de ONGD, ademais de distintos deputados e deputadas e representantes do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.

CREANDO ALIANZAS E PARTICIPANDO EN FOROS

Co obxectivo de establecer **novas alianzas** entre entidades e organismos cos que se comparten intereses e puntos en común, realizáronse entrevistas, actuacións e contactos para achegarse a todo tipo de actores: Universidade de Santiago de Compostela (Facultade de Xornalismo, Facultade de Traballo Social), Universidade de Vigo, Colexio de Traballo social, CERMI Galicia, Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento, Fundación NovaCaixa Galicia ou UNICEF Galicia

Seguindo a liña estratéxica de ser un interlocutor de referencia e dar a coñecer a entidade e as súas actuacións EAPN-Galicia estivo presente en **foros** como:

- Seminario Xornalismo social AGARESO-ACPP
- Xornada sobre pobreza e desigualdade en Galicia. Grupo parlamentario PSdeG-PSOE.
- Asinase o Pacto pola Infancia de UNICEF.
- Participación no Consello Económico e Social de Galicia. Seminario de Pobreza e Exclusión.
- Realízase un ciclo de formación software libre con AMTEGA (Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia)

INCIDENCIA POLITICA

Fíxose un labor esencial á hora de **trasladar ás administracións públicas e aos partidos políticos** as nosas **propostas** en diferentes temas que afectan a EAPN-Galicia, as súas entidades membro e sobre todo ás persoas en risco de exclusión e pobreza. Tanto entrevistas a nivel político como a nivel técnico con departamentos da consellería.

Interlocución periódica coa **Consellería de Traballo e Benestar**: realízanse 3 xuntanzas coa Conselleira, 6 xuntanzas coa Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

Incidencia e interlocución coa Consellería de Facenda a través da entrevista mantida co Director Xeral de Planificación Miguel Corgos e a asistencia a presentación d Programa Operativo FEDER.

Conséguese presenza no Comité de Seguemento PDR 2014-2020 (FEADER)

Entre outras actividades, realízase un **Seminario de Vías de Financiamento da Unión Europea** que contou con 104 persoas inscritas e 80 participantes. O Seminario organizouse conxuntamente coa Fundación Galicia Europa e tiña un dobre propósito:

- Coñecer as prioridades e liñas de actuación dos principais Fondos Estruturais que permitirán levar a cabo durante o período 2014-2020 os



programas e iniciativas de loita contra a pobreza, a exclusión social, o desemprego e o el fracaso escolar. Así como a importancia de asegurar a transparencia pública e participación da sociedade civil galega na súa planificación, xestión, seguimento e avaliación.

- Formación práctica sobre os principais programas de financiamento europeo de interese para as organizacións non lucrativas de acción social galegas, así como en aspectos máis prácticos como o procedemento para solicitar financiamento comunitario para poñer en marcha proxectos europeos: EaSI, Erasmus + Europa dos Cidadáns, INTERREG, Programa Derechos, Igualdad y Ciudadanía, Horizont 2020. Vida cotidiana asistida por el entorno (AAL)

O 30 de setembro, tivo lugar un **Taller de Transparencia e Rendición de Contas , Participación e Incidencia (TIPI)**, o cal ía dirixido a calquera organización do Terceiro Sector interesada en aumentar a súa presenza, participación e influencia na vida política no referente á loita contra a pobreza. Tamén a profesionais dos medios de comunicación e calquera persoa interesada.



Traballamos sobre xornalismo de datos e presentouse en exclusiva a ferramenta online TIPI de transparencia, rendición de contas e participación para a incidencia política. Pobreza infantil, inmigración, sanidade, educación, vivenda, emprego digno, inclusión laboral ou persoas sen fogar son algunhas das etiquetas que se empregaron para descubrir qué se fixo ao respecto no Congreso dos

Deputados (aplicable posteriormente a outros parlamentos).

TIPI contou coa participación da Fundación Por Causa, EAPN-Castilla La Mancha e CIECODE (como organizacións socias) e UNICEF e EAPN-España como organizacións colaboradoras. No taller de Santiago de Compostela colaborou EAPN Galicia e a Escola Galega de Administración Pública (EGAP)

EAPN Galicia rexistrou un aumento nas actuacións encamiñadas a incidir politicamente. En relación a isto, incrementouse o número de **propostas realizadas as administracións públicas** nas que destacan:

- Regulamento da Lei 10/2013 de inclusión de Galicia: realizouse unha xuntanza técnica do Grupo de Traballo de Inclusión-RISGA coa Dirección Xeral de Familia e Inclusión o 9 de xuño de 2015 e elaborouse un Informe sobre principais dúbidas á hora de publicar o decreto RISGA.
- Propostas o Plan Galego de Política Familiar 2015-2018: realizouse un documento con 40 propostas suxeridas a Dirección Xeral de Inclusión, das cales se aceptaron 23.
- Documentos de propostas ao Catálogo de Servizos Sociais e Catálogo de Infancia, Xuventude e Familia.

Como último resaltar a redacción do documento que recollía a posible perda de financiamento de entidades sociais, dada a sentenza do Tribunal Supremo a través da cal se modificaría a execución de **proxectos financiados a través dos fondos obtidos a través do IRPF**. Segundo os datos recollidos polas entidades que forman EAPN, estas perderían 4.390.985 euros.

A través de este documento e doutras canles, a nivel estatal realizouse unha elevada incidencia política no Ministerio, buscando alternativas para non perder este financiamento e a garantía de cohesión social que implica.

DIFUSIÓN DO MENSAXE DA REDE

Durante o ano 2015, definiuse a Estratexia de Comunicación e o Plan Operativo neste ano, para isto realizáronse as seguintes actividades:

- Diseñouse un borrador do plan, con previsión das actividades que se realizarían no 2015.
- Diseñouse especificamente detalles da campaña #Pobreza24M.
- Campañas específicas difusión da X solidaria, Eleccións municipais, Seminario Participación, Difusión Código Conduta, Foro e Agora.
- Depurado e incrementada eficacia definindo mensaxes clave EAPN Galicia: Compromiso, coordinación, causas,...

